



*"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"*



MUTUASPORT



Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

EXCLUSIVO FEDERADOS



INFÓRMATE

FGC A CORUÑA
981 70 29 57
coruna@federaciongalegadecaza.com

FGC LUGO
982 25 49 96
lugo@federaciongalegadecaza.com

FGC OURENSE
988 22 16 20
ourense@federaciongalegadecaza.com

FGC PONTEVEDRA
986 85 23 00
pontevedra@federaciongalegadecaza.com

FGC SANTIAGO
981 56 27 77
federacion@federaciongalegadecaza.com

XXXIV

CAMPIONATO GALEGO DE CAZA SAN HUBERTO

30 DE XULLO 2022

XXXI

COPA GALICIA DE CANS DE PARADA

31 DE XULLO 2022



**AS PONTES
A CORUÑA**



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



MUTUASPORT



Ufedega

COLABORAN

SOCIEDADE DE CAZA E PESCA
VENATORIA PUNTES



CAMPIONATO GALEGO DE CAZA SAN HUBERTO

Dedicado a Nicolás Rivas García

30 de xullo de 2022

8:00 horas.- Concentración explanada do Bar Casa Valentín, Goente, As Pontes

8:30 horas .- Comezo da Competición.

15:00 horas Finalizada a proba procederase a clausura e entrega de premios

DIRECTOR DA PROBA

DON FRANCISCO M. SANTIAGO RODRIGUEZ

REGULAMENTO E INSCRICIÓNS

O Campionato Galego de Caza San Huberto rexerá polo respectivo Regulamento da Federación Galega de Caza e Normas complementarias da F.G.C.

Conforme a vixente Normativa de Competicións participarán 21 deportistas previamente clasificados nos respectivos Campionatos Provinciais (6 Coruña, 5 Lugo, 5 Ourense e 5 Pontevedra), o Campión da edición anterior, e 5 clasificados pola Copa Galicia. A inscrición das Donas e Springer será "libre", previa participación no campionato provincial.

As inscricións realizaranse na Federación Galega de Caza, **antes do día 26 de xullo** mediante as actas dos Campionatos Provinciais.

SORTEO DE QUENDAS E DORSAIS

O sorteo de quendas e dorsais será **o día 26 de xullo**, ás 12 horas, na sede da Federación Galega de Caza en Santiago de Compostela.

Para formar a Selección Galega na categoría Homes, elixírase aquel participante da Copa Galicia que obtivera a maior puntuación, para o cal terán que disputarse, como mínimo, tres probas puntuables para a Copa Galicia de Caza San Huberto. Os restantes deportistas da Selección Galega, ata completar o número de prazas asignado, serán os mellores clasificados no Campionato Galego da mesma categoría.

Será obrigatoria a participación no Campionato Galego do clasificado para a Selección Galega pola Copa Galicia. No caso que o campión da Copa Galicia forme parte do podio no campionato Galego, a praza será cuberta de maneira correlativa pola clasificación do Campionato Galego.

COPA GALICIA DE CANS DE PARADA

(Sobre perdiz sementada)

31 de xullo de 2022

8:00 horas.- Concentración Restaurante Casa Díaz, zona Empalme 4, Goente, As Pontes

9:00 horas Comezo da Competición.

15:00 horas.- Finalizada a proba procederase a clausura e entrega de premios

DIRECTOR DA PROBA

DON FRANCISCO M. SANTIAGO RODRIGUEZ

REGULAMENTO E INSCRICIÓNS

A Copa Galicia de Cans de Parada Caza Práctica rexerá polo Regulamento da Federación Galega de Caza e Normas complementarias da F.G.C.

A inscrición será "libre" para calquera deportista federado pola FGC que reúna as condicións establecidas no presente Programa, Normativa de Competicións da FGC e Regulamento da Federación Galega de Caza.

Prezo de inscrición: 25 € primeiro can e 15 € segundo can e sucesivos, cantidade que se ingresará na conta bancaria da FGC **nº ES59 2080-0393-74-3040000159** ata o día 26 de xullo.

SORTEO DE QUENDAS E DORSAIS

O sorteo de quendas e dorsais será **o día 26 de xullo**, ás 12 horas, na sede da Federación Galega de Caza en Santiago de Compostela.

Nas competicións organizadas pola Federación Galega de Caza (Provincial, Autonómico, e Copa Galicia), os deportistas que participen en competicións nas que se utilicen armas deberán dispor de un seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas mínimas de 600.000 € sen sublímite por vítima; e naquelas nas que non se usen armas os participantes deberán dispor de un seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas mínimas equiparable ao Documento Único R.

ADVERTENCIA: A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohibe a introdución e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estean a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba.

O Comité organizador resérvase o dereito a modifica-lo presente Programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan.